- Educación para os Medios de Comunicación.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Xornadas de fomento do espírito emprendedor, a celebrar no mesmo Instituto.

10. Outros apartados

10.1) PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN

A programación estará a disposición do alumnado na Intranet no apartado Común en XEA1, dentro da carpeta de Técnica Contable, e na plataforma TEAMS na aula Técnica Contable

Así mesmo dende novembro a Dirección colocará todas as programacións na páxina Web do Instituto.

10.2) RECURSOS E MÉTODO

Partirase dos coñecementos previos que teña o alumnado sobre cada unha das unidades didácticas intentando que o alumnado chegue a conclusións aceptables de xeito intuitivo, explicando dende aí os contidos e proporcionando un material didáctico a través do cal o alumnado, guiado polo profesor, poida construír o seu propio aprendizaxe, sendo o enfoque eminentemente práctico.

Os recursos a empregar serán ordenadores con conexión a internet e con programas de ofimática contables principalmente, proxector, calculadora e encerado.

Utilizaremos o Office 365, en concreto a plataforma Teams,

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0442	Operacións administrativas de recursos humanos	2023/2024	7	123	147

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA LUZ BARREIRO NEIRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de apoio administrativo ás tarefas que leva a cabo o departamento de recursos humanos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo:

- e) Realizar documentos e comunicacións no formato característico e coas condicións de calidade correspondentes, aplicando as técnicas de tratamento da información.
- k) Recoñecer a normativa legal aplicable, as técnicas de xestión asociadas e as funcións do departamento de recursos humanos, e analizar a problemática laboral que poida darse nunha empresa e a documentación relacionada para realizar a xestión administrativa dos recursos humanos.
- l) Identificar e preparar a documentación salientable e as actuacións que cumpra desenvolver, interpretando a política da empresa, para efectuar as xestións administrativas das áreas de selección e formación dos recursos humanos.
- r) Valorar a diversidade de opinións como fonte de enriquecemento, recoñecendo outras prácticas, ideas ou crenzas, para resolver problemas e tomar decisións.
- t) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

E as competencias profesionais, persoais e sociais:

- a) Tramitar documentos e comunicacións internas ou externas nos circuitos de información da empresa.
- b) Elaborar documentos e comunicacións a partir de ordes recibidas ou de información obtida.
- f) Efectuar as xestións administrativas das áreas de selección e formación dos recursos humanos da empresa, axustándose á normativa e á política empresarial, baixo a supervisión da persoa responsable do departamento.
- g) Prestar apoio administrativo na área de xestión laboral da empresa, axustándose á normativa e baixo a supervisión da persoa responsable do departamento.
- n) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- o) Participar de xeito activo na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.
- p) Participar nas actividades da empresa con respecto e con actitude de tolerancia.
- r) Participar no traballo en equipo respectando a xerarquía definida na organización.

As empresas da contorna do IES As Fontiñas son, fundamentalmente, Pemes do sector comercial e de servizos, cunha estrutura administrativa básica e cun número reducido de persoal, polo que acostuman externalizar determinadas tarefas en asesorías e consultorías. Concretamente, as funcións do departamento de persoal son derivadas maioritariamente a este tipo de empresas polo que a formación dos profesionais administrativos debe ter en conta este aspecto e manexar na aula algunha aplicación informática de xestión de nóminas e persoal.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Os procesos de captación e selección de persoal	Fontes da normativa laboral. Análise do proceso de captación e selección de persoal	25	20
2	A formación, o desenvolvemento e a compensación do persoal	Formación e promoción do persoal da empresa	12	8
3	O contrato de traballo, as súas modificacións e a súa extinción	Normativa laboral, modalidades de contratación, modificación, extinción do contrato	35	25
4	O pagamento do salario e obrigas inherentes	A Seguridade Social, cálculo de nóminas, cotización á Seguridade Social, retención IRPF	55	35
5	Documentación relativa ás incidencias na relación laboral	As incidencias na relación laboral: vacacións, absentismo,...	15	10
6	Procedementos de calidade na xestión de recursos humanos	Prevención de riscos e protección de datos	5	2

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Os procesos de captación e selección de persoal	25

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a tramitación administrativa dos procesos de captación e selección do persoal, e describe a documentación asociada.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os aspectos principais da organización das relacións laborais.
CA1.2 Relaciónanse as funcións e as tarefas do departamento de recursos humanos, así como as principais políticas de xestión do capital humano das organizacións.

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícaronse as técnicas habituais de captación e selección.
CA1.4 Caracterizáronse os labores de apoio na execución de probas e entrevistas nun proceso de selección, utilizado as canles convencionais ou telemáticas.
CA1.5 Identifícaronse os recursos, os tempos e os prazos necesarios para realizar un proceso de selección de persoal.
CA1.6 Compilouse a información das accións formativas, xunto cos informes cuantitativos documentais e informáticos de cada participante, e elaboráronse os informes apropiados.
CA1.7 Mantívose actualizada na base de datos creada para este fin a información sobre formación, desenvolvemento, compensación e beneficios, así como a de interese xeral para o persoal.
CA1.8 Compilouse a información necesaria para facilitar a adaptación do persoal ao novo emprego.
CA1.9 Realizáronse consultas das bases de datos cos filtros indicados, e elaboráronse listaxes e informes sobre diversos datos de xestión do persoal.
CA1.10 Aplicáronse os criterios, as normas e os procesos de calidade establecidos, na procura dunha xestión eficaz.

4.1.e) Contidos

Contidos
Fontes da normativa laboral.
Funcións do departamento de recursos humanos.
Políticas de xestión de captación do capital humano na empresa.
Fontes externas e internas de recrutamento.
Métodos de selección de persoal: probas de selección, entrevista, dinámica de grupos e centros de avaliación.
Adaptación ao novo emprego.
Subvencións. Fontes de subvencións.
Políticas de xestión de persoal.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A formación, o desenvolvemento e a compensación do persoal	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza a tramitación administrativa dos procesos de formación, desenvolvemento, compensación e beneficios do persoal, e recoñeceuse a documentación xerada.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense as características dos plans de formación continua, así como as dos plans de carreira do persoal.
CA2.2 Preparouse a documentación necesaria para unha actividade de formación (manuais, listaxes, horarios e follas de control).
CA2.3 Identifícaronse as entidades de formación máis próximas ou importantes, preferentemente por medios telemáticos, para propor ofertas de formación nun caso empresarial dado, e contactouse con elas.
CA2.4 Clasifícaronse as principais fontes de subvención da formación en función da súa contía e dos seus requisitos.
CA2.5 Organizáronse listaxes de actividades de formación e reciclaxe en función de programas subvencionados.
CA2.6 Compilouse a información das accións formativas, xunto cos informes cuantitativos documentais e informáticos de cada participante.
CA2.7 Actualizouse a información sobre formación, desenvolvemento, compensación e beneficios, así como a de interese xeral para o persoal, nas canles de comunicación internas.
CA2.8 Actualizáronse as bases de datos de xestión de persoal.
CA2.9 Realizáronse consultas básicas das bases de datos cos filtros indicados, e elaboráronse listaxes e informes.
CA2.10 Aplicouse ao seu nivel a normativa de protección de datos relativa á seguridade, a confidencialidade, a integridade, o mantemento e a accesibilidade á información.

4.2.e) Contidos

Contidos
Políticas e procedementos administrativos relacionados coa motivación e coa formación.
Principais técnicas de formación empresarial.
Entidades de formación.
Control das compensacións, os incentivos e os beneficios do persoal.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O contrato de traballo, as súas modificacións e a súa extinción	35

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona a documentación relativa ao proceso de contratación, variacións da situación laboral e finalización de contrato, conforme a normativa laboral.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Definíronse os aspectos máis salientables das condicións laborais establecidas na Constitución, no Estatuto dos Traballadores, nos convenios colectivos e nos contratos.
CA3.2 Recoñecéronse as fases do proceso de contratación e os tipos de contratos laborais máis habituais segundo a normativa laboral.
CA3.3 Formalizáronse os contratos laborais.
CA3.4 Obtivéronse documentos oficiais utilizando a páxina web dos organismos públicos correspondentes.
CA3.5 Definíronse os procesos de afiliación e alta na Seguridade Social.
CA3.6 Obtivéronse as táboas, os baremos e as referencias sobre as condicións laborais: convenio colectivo, bases e tipos de cotización á Seguridade Social, e retencións do IRPF.

Criterios de avaliación
CA3.7 Aplicáronse as normas de cotización á Seguridade Social referentes a condicións laborais, prazos de pagamento e fórmulas de aprazamento.
CA3.8 Identificáronse as causas e os procedementos de modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo conforme a normativa, e identificáronse os elementos básicos da liquidación.
CA3.9 Rexistrouse a información xerada nos respectivos expedientes de persoal.
CA3.10 Seguíronse criterios de prazos, confidencialidade, seguridade e dilixencia na xestión e na conservación da información.

4.3.e) Contidos

Contidos
Forma do contrato. Modalidades de contratación. Xornada de traballo e calendario laboral. Proceso e procedemento de contratación laboral. Rexistro. Afiliación e alta na Seguridade Social. Documentación e formalización do contrato de traballo. Suspensión e extinción do contrato de traballo. Liquidación.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O pagamento do salario e obrigas inherentes	55

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora a documentación correspondente ao pagamento de retribucións do persoal, de cotización á Seguridade Social e de impostos inherentes, consonte a normativa.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícaronse os conceptos de retribución e cotización do traballador e diferenciáronse os tipos de retribución máis comúns.
CA4.2 Distinguíronse os réximes da Seguridade Social.
CA4.3 Identificouse a estrutura básica do salario e os tipos de percepcións salariais, non salariais, de periodicidade superior ao mes e extraordinarias.
CA4.4 Calculouse o importe das bases de cotización en función das percepcións salariais e das situacións que máis comunmente as modifican.
CA4.5 Calculouse o recibo de salario e cubríronse os documentos de cotización.
CA4.6 Tivéronse en conta os prazos establecidos para o pagamento de cotas á Seguridade Social e para retencións, así como as fórmulas de aprazamento, segundo os casos.
CA4.7 Obtivéronse os recibos de salario, documentos de cotización e listaxes de control.
CA4.8 Creáronse os ficheiros de remisión electrónica, tanto para entidades financeiras como para a Administración.
CA4.9 Valoráronse as consecuencias de non cumprir os prazos previstos na presentación de documentación e pagamento.
CA4.10 Realizáronse periodicamente copias de seguridade informáticas para garantir a conservación dos datos na súa integridade.

4.4.e) Contidos

Contidos
Réximes do sistema da Seguridade Social.
Obrigas da parte empresarial coa Seguridade Social.
Confección do recibo de salarios.
Cotizacións á Seguridade Social.
Tipos e bases de cotización.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Documentación relativa ás incidencias na relación laboral	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Elabora a documentación relativa ás incidencias derivadas da actividade laboral das persoas traballadoras, consonte a normativa.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Determináronse os aspectos básicos das relacións laborais no relativo ás súas comunicacións internas.
CA5.2 Elaboráronse os formularios de recollida de datos sobre control presencial, incapacidade temporal, permisos, vacacións e similares.
CA5.3 Realizáronse cálculos e estatísticas sobre os datos anteriores, utilizado follas de cálculo e formatos de gráficos.
CA5.4 Elaboráronse informes básicos do control de presenza, utilizando aplicacións de procesamento de texto e presentacións.
CA5.5 Realizouse o seguimento de control de presenza para conseguir a eficiencia da empresa.
CA5.6 Realizáronse periodicamente copias de seguridade das bases de datos de persoal.

4.5.e) Contidos

Contidos
Control horario.
Absentismo.
Xestión de situacións especiais: incapacidade laboral, excedencias, permisos e viaxes.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Procedementos de calidade na xestión de recursos humanos	5

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica procedementos de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental nas operacións administrativas de recursos humanos, e recoñece a súa incidencia nun sistema integrado de xestión administrativa.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Diferenciáronse os principios básicos dun modelo de xestión de calidade.
CA6.2 Valorouse a integración dos procesos de recursos humanos con outros procesos administrativos da empresa.
CA6.3 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais no sector.
CA6.4 Aplicáronse os procesos para reducir o impacto ambiental da súa actividade.
CA6.5 Aplicáronse na elaboración e na conservación da documentación as técnicas de 3R (reducir, reutilizar e reciclar).

4.6.e) Contidos

Contidos
Prevención de riscos laborais: saúde, dano e risco.
Fundamentos e principios básicos dun modelo de calidade total en recursos humanos.
Normativa de protección de datos de carácter persoal e confidencialidade.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- CA1.1. Descríbóronse os aspectos principais da organización das relacións laborais.
- CA1.2. Relacionáronse as funcións e as tarefas do departamento de recursos humanos, así como as principais políticas de xestión do capital humano das organizacións.
- CA1.3. Identificáronse as técnicas habituais de captación e selección.
- CA1.4. Caracterizáronse os labores de apoio na execución de probas e entrevistas nun proceso de selección, utilizado as canles convencionais ou telemáticas.
- CA1.5. Identificáronse os recursos, os tempos e os prazos necesarios para realizar un proceso de selección de persoal.
- CA1.7. Mantívose actualizada na base de datos creada para este fin a información sobre formación, desenvolvemento, compensación e beneficios, así como a de interese xeral para o persoal.
- CA1.8. Compilouse a información necesaria para facilitar a adaptación do persoal ao novo emprego.

- CA2.1. Descríbóronse as características dos plans de formación continua, así como as dos plans de carreira do persoal.
- CA2.2. Preparouse a documentación necesaria para unha actividade de formación (manuais, listaxes, horarios e follas de control).
- CA2.3. Identificáronse as entidades de formación máis próximas ou importantes, preferentemente por medios telemáticos, para propor ofertas de formación nun caso empresarial dado, e contactouse con elas.
- CA2.6. Compilouse a información das accións formativas, xunto cos informes cuantitativos documentais e informáticos de cada participante.
- CA2.7. Actualizouse a información sobre formación, desenvolvemento, compensación e beneficios, así como a de interese xeral para o persoal, nas canles de comunicación internas.
- CA2.8. Actualizáronse as bases de datos de xestión de persoal.
- CA2.9. Realizáronse consultas básicas das bases de datos cos filtros indicados, e elaboráronse listaxes e informes.
- CA2.10. Aplicouse ao seu nivel a normativa de protección de datos relativa á seguridade, a confidencialidade, a integridade, o mantemento e a accesibilidade á información.

- CA3.1. Definíronse os aspectos máis salientables das condicións laborais establecidas na Constitución, no Estatuto dos Traballadores, nos convenios colectivos e nos contratos.
- CA3.2. Recoñecéronse as fases do proceso de contratación e os tipos de contratos laborais máis habituais segundo a normativa laboral.
- CA3.3. Formalizáronse os contratos laborais.
- CA3.4. Obtivéronse documentos oficiais utilizando a páxina web dos organismos públicos correspondentes.
- CA3.5. Definíronse os procesos de afiliación e alta na Seguridade Social.
- CA3.6. Obtivéronse as táboas, os baremos e as referencias sobre as condicións laborais: convenio colectivo, bases e tipos de cotización á Seguridade Social, e retencións do IRPF.
- CA3.7. Aplicáronse as normas de cotización á Seguridade Social referentes a condicións laborais, prazos de pagamento e fórmulas de aprazamento.
- CA3.8. Identificáronse as causas e os procedementos de modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo conforme a normativa, e identificáronse os elementos básicos da liquidación.
- CA3.9. Rexistrouse a información xerada nos respectivos expedientes de persoal.

CA3.10. Seguíronse criterios de prazos, confidencialidade, seguridade e dilixencia na xestión e na conservación da información.

CA4.1. Identificáronse os conceptos de retribución e cotización do traballador e diferenciáronse os tipos de retribución máis comúns.

CA4.2. Distinguíronse os réximes da Seguridade Social.

CA4.3. Identificouse a estrutura básica do salario e os tipos de percepcións salariais, non salariais, de periodicidade superior ao mes e extraordinarias.

CA4.4. Calculouse o importe das bases de cotización en función das percepcións salariais e das situacións que máis comunmente as modifican.

CA4.5. Calculouse o recibo de salario e cubríronse os documentos de cotización.

CA4.6. Tivéronse en conta os prazos establecidos para o pagamento de cotas á Seguridade Social e para retencións, así como as fórmulas de aprazamento, segundo os casos.

CA4.7. Obtivéronse os recibos de salario, documentos de cotización e listaxes de control. Páxina 55 de 87

CA4.8. Creáronse os ficheiros de remisión electrónica, tanto para entidades financeiras como para a Administración.

CA4.9. Valoráronse as consecuencias de non cumprir os prazos previstos na presentación de documentación e pagamento.

CA4.10. Realizáronse periodicamente copias de seguridade informáticas para garantir a conservación dos datos na súa integridade.

CA5.1. Determináronse os aspectos básicos das relacións laborais no relativo ás súas comunicacións internas.

CA5.2. Elaboráronse os formularios de recollida de datos sobre control presencial, incapacidade temporal, permisos, vacacións e similares.

CA5.3. Realizáronse cálculos e estatísticas sobre os datos anteriores, utilizando follas de cálculo e formatos de gráficos.

CA5.4. Elaboráronse informes básicos do control de presenza, utilizando aplicacións de procesamento de texto e presentacións.

CA5.5. Realizouse o seguimento de control de presenza para conseguir a eficiencia da empresa.

CA5.6. Realizáronse periodicamente copias de seguridade das bases de datos de persoal.

CA6.1. Diferenciáronse os principios básicos dun modelo de xestión de calidade.

CA6.3. Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais no sector.

CA6.4. Aplicáronse os procesos para reducir o impacto ambiental da súa actividade.

CA6.5. Aplicáronse na elaboración e na conservación da documentación as técnicas de 3R (reducir, reutilizar e reciclar).

Nocións básicas dunha aplicación informática de xestión de nóminas e persoal.

Cumprimentación de nóminas e documentos de cotización coa aplicación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A referencia legislativa é a Orde de 12 de xullo de 2011, pola que se regula o desenvolvemento e a avaliación e a acreditación académica do alumnado, en concreto os seus artigos 25 e 26.

- A avaliación da aprendizaxe do alumnado nos ciclos formativos realizase de xeito diferenciado por módulos profesionais. En todo caso, a avaliación na formación profesional inicial realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en resultados de aprendizaxe, e os criterios de avaliación de cada un dos módulos profesionais e os obxectivos xerais do ciclo formativo, segundo o establecido no correspondente currículo.
 - A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.
 - A cualificación dos módulos profesionais, agás o de formación en centros de traballo, será numérica, entre un e dez, sen decimais. A superación do ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos os módulos profesionais que o compoñen. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos.
 - A nota de cada avaliación será numérica sen decimais, polo que redondearase ao enteiro máis próximo por defecto ou por exceso; no caso de equidistancia redondearase por defecto. Para aprobar será necesario ter, alomenos, un 5.
 - As probas escritas serán 2 por avaliación e supoñen o 75% da nota da avaliación; o 25% restante corresponde ás tarefas entregadas nos prazos establecidos e con boa presentación, realizadas na aula, seguindo as instrucións do profesorado.
 - As probas escritas poderán incluír preguntas teóricas e prácticas relativas aos contidos traballados na clase, e indicarse nas mesmas a puntuación correspondente a cada apartado. Dependendo da materia que inclúa cada una das unidades didácticas, as probas escritas poden consistir en preguntas tipo test de resposta única, preguntas de completar, preguntas de Verdadeiro ou Falso, preguntas curtas e/ou medianas, preguntas de relacionar e casos prácticos.
 - A nota de cada avaliación será a media (tendo en conta os pesos de cada unha das unidades) das probas realizadas (que supoñen un 75% da cualificación), máis a cualificación das tarefas de clase (ata un 25%).
 - Haberá un exame de recuperación por avaliación no caso de que haxa alumnado coa avaliación suspensa.
 - Tarefas realizadas na clase (ou na casa no caso de faltas de asistencia xustificadas). Son obrigatorias, tendo en conta que son ensinanzas presenciais. Valoraranse mediante a observación directa e tendo en conta os seguintes aspectos: puntualidade; atención e interese; participación; colaboración, respecto e tolerancia; iniciativa; actitude positiva; esforzo por mellorar; responsabilidade e compromiso na realización das tarefas; orde, limpeza e coidado dos espazos e dos materiais. Os traballos que non se entreguen no prazo establecido polo profesorado perden o 50% da súa puntuación xa que son para realizar diariamente na clase.
- A nota final do módulo calcularase en función dos pesos de cada unidade establecidos na programación. Para aprobar será necesario ter, alomenos, un 5.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que suspenda algunha avaliación e a súa recuperación realizará no mes de marzo un exame de recuperación das avaliacións suspensas. Na mesma proba establecerase a puntuación correspondente a cada apartado.

Se o alumnado non entregou as tarefas realizadas na clase, só poderá ter como máximo un 7,5 de nota (o 25% restante corresponde ás tarefas). Para aprobar será necesario ter, alomenos, un 5.

As probas coincidirán en data coas do alumnado que perda o dereito á avaliación continua.

Se finalmente suspende o módulo e non pode acceder á FCT, o alumnado durante o 3º trimestre repasará os contidos do curso, realizará as actividades e exercicios propostos e as probas necesarias para a superación das partes suspensas do módulo no mes de xuño, como se fará constar nos informes individualizados entregados a cada alumno/a suspenso/a.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdeu o dereito á avaliación continua por superar o 10% das faltas de asistencia -15 faltas neste módulo- realizará unha proba de avaliación extraordinaria de toda a materia, que versará sobre os contidos mínimos, e que se cualificará de 1 a 10, sendo necesario ter unha nota mínima de 5 para aprobar. Esta proba realizarase no mes de marzo, segundo o calendario que se acorde nas Reunións do Departamento da Familia de Administración e xestión.

Para estes alumnos a nota do módulo será a desta proba final, sendo necesario ter un mínimo de 5 para superar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación farase mensualmente desde a aplicación informática, cumprimentando os apartados necesarios, e facendo constar se hai cambios respecto ó establecido na programación.

Para a avaliación da propia práctica docente estarase ó acordado no departamento. Podería elaborarse un cuestionario común para todos os membros do mesmo, que cumprimentaría o alumnado de forma anónima.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial terá por obxecto coñecer as características e a formación de cada alumna e alumno, así como as súas capacidades.

A través da avaliación inicial procuraranse detectar os problemas de aprendizaxe concretos que presenta o alumnado. Unha vez detectadas posibles necesidades de apoio educativo, poranse en marcha medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade, según proceda en cada caso concreto, asesorados polo Departamento de Orientación.

Os alumnos e as alumnas cumprimentarán cuestionarios e realizarán actividades orais e escritas que nos permitan ter información suficiente, de cara a ver se é necesario aplicar algunha medida de reforzo educativo ou flexibilización modular. Esta decisión tomaríase na sesión de avaliación inicial, coas aportacións da totalidade do equipo docente do ciclo e o asesoramento do Departamento de Orientación.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

-Atención personalizada na aula.

-Establecemento de tarefas extraordinarias con seguimento da profesora.

-Flexibilización modular, no caso de que se acorde para os alumnos que se prevexa que non poderán sacar adiante todos os módulos.

-Proporanse actividades de reforzo, repaso e profundización segundo as necesidades de cada alumno/a e adaptárase o ritmo de exposición dos novos contidos. Procurárase traballar algunhas actividades e contidos de xeito individual, se o número de alumnos o permite.

-Todas as medidas que se tomen, segundo as recomendacións do Departamento de Orientación, da persoa titora do grupo e do profesorado que lles impartiu clase no curso anterior, polo coñecemento que xa teñen do grupo-clase.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos e profesionais está presente en todas as unidades didácticas que forman o módulo. A finalidade é formar cidadáns e profesionais comprometidos cos valores dunha sociedade democrática.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Asistencia a xuízos do Social nos Xulgados de Santiago de Compostela, sé é posible.

Realización de xestións en organismos públicos (presenciais ou telemáticas): Oficinas de emprego, Seguridade Social,...

Asistencia a charlas informativas, feiras de emprego, e outras actividades relacionadas co módulo, se hai convocatorias do Concello de Santiago.

10. Outros apartados

10.1) Libro de texto

O libro de texto recomendado é Operaciones administrativas de recursos humanos, da Editorial Mc Graw Hill, Edición 2022.

10.2) Documentación

Para a resolución de exercicios prácticos descargaranse impresos das páxinas web de organismos oficiais.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0443	Tratamento da documentación contable	2023/2024	6	105	126

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALEJANDRO BENIGNO REY REY
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral deste título Técnico en Xestión administrativa consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e protección mediambiental.

Este profesional exerce a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, en calquera sector de actividade, así como nas administracións públicas, ofrecendo apoio administrativo nas tarefas de administración e xestión das referidas empresas e institucións, e prestándolle atención ao público e a cidadanía.

Prospectiva do título

A organización da actividade produtiva das empresas e do traballo esíxelle actualmente ao persoal profesional da xestión administrativa unha grande polivalencia, así como unha serie de competencias persoais e sociais relacionadas co traballo en equipo, coa autonomía e a iniciativa na toma de decisións, co desenvolvemento de tarefas e coa vocación de atención ao público.

As maiores vías de demanda de emprego son o sector de servizos, así como a externalización de certas tarefas que realizan algunhas empresas. Desde a primeira liña, incrementase o número total de profesionais da área administrativa, tanto pola implantación de novas empresas de todos os sectores económicos como polo desenvolvemento das xa existentes. Desde o punto de vista da externalización, cada vez máis compañías deciden subcontratar a súa xestión administrativa ou parte dela a empresas especializadas, o que, lóxicamente, implica o crecemento e a proliferación de empresas dedicadas en exclusiva a prestar servizos administrativos a outras (xestorías, asesorías, consultoras, centros de servizos, etc.).

O cambio constante na lexislación, nos tipos de documentos e na integración dos procedementos administrativos utilizados pola empresa demanda destas persoas unha actualización continua e actitudes favorables cara á aprendizaxe ao longo de toda a vida, a autoformación e a responsabilidade.

A crecente competitividade no mundo empresarial require, así mesmo, profesionais capaces de desenvolveren a súa actividade nun ambiente de xestión de calidade, respectando a normativa ambiental e de seguridade laboral.

En relación co anterior e coa imparable tendencia á globalización das relacións económicas, o emprego do inglés como lingua de intercambio internacional é imprescindible e, xa que logo, convértese nun factor máis de exigencia para o persoal profesional da área administrativa, debido á permanente xestión de documentos e de comunicacións.

Perfil profesional do título.

O perfil profesional do título de técnico en xestión administrativa determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Competencia xeral.

A competencia xeral deste título consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

Competencias profesionais, persoais e sociais

A formación do módulo Tratamento da Documentación Contable debe contribuír a alcanzar (segundo currículo decreto 191/2010 de 28 outubro) as competencias profesionais, persoais e sociais a, b, c, d, e e r, estas son:

a) Tramitar documentos e comunicacións internas a partir de ordes recibidas ou da información obtida.

- b) Elaborar documentos e comunicacións a partir de ordes recibidas ou información obtida.
- c) Clasificar, rexistrar e arquivar comunicacións e documentos segundo as técnicas aprobadas e os parámetros establecidos pola empresa.
- d) Rexistrar contablemente a documentación soporte correspondente a operativa da empresa en condicións de seguridade e calidade.
- r) Adaptarse a diferentes postos de traballo e as novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.

Obxectivos Xerais

A formación do módulo Tratamento da Documentación Contable debe contribuir a alcanzar (segundo currículo decreto 191/2010 de 28 outubro) os obxectivos xerais b, f, g, h e p, estas son:

- b) Analizar os documentos e as comunicacións que se utilizan na empresa e recoñecer a súa estrutura, os seus elementos e as súas características, para a súa elaboración.
- f) Analizar e elixir as técnicas e os sistemas de preservación de comunicación e documentos adecuados a cada caso, e aplicalos de xeito manual e informático para a súa clasificación, o seu rexistro e o seu arquivo.
- g) Interpretar a normativa e metodoloxía contable, analizando a problemática contable que poida darse nunha empresa, así como a documentación asociada para o seu rexistro.
- h) Introducir asentos contables manualmente e en aplicacións informáticas específicas, consonte a normativa, para rexistrar contablemente a documentación.
- p) Recoñecer as principais aplicacións informáticas de xestión para o seu uso habitual no desempeño da actividade administrativa.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	PREPARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN SOPORTE DE FEITOS ECONÓMICOS		18	5
2	REXISTRO CONTABLE DE FEITOS ECONÓMICOS HABITUAIS I		36	40
3	REXISTRO CONTABLE DE FEITOS ECONÓMICOS HABITUAIS II		28	25
4	CONTABILIZACIÓN DE OPERACIÓNS DUN EXERCICIO ECONÓMICO COMPLETO		32	25
5	COMPROBACIÓN DE CONTAS		12	5

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	PREPARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN SOPORTE DE FEITOS ECONÓMICOS	18

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara a documentación soporte dos feitos contables e interpreta a información que contén.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os tipos de documentos soporte que son obxecto de rexistro contable.
CA1.2 Comprobase que a documentación soporte recibida conteña todos os rexistros de control interno establecidos (sinatura, autorizacións, etc.) para o seu rexistro contable.
CA1.3 Efectuáronse propostas para o arranxo de erros.
CA1.4 Clasificouse a documentación soporte conforme criterios previamente establecidos.
CA1.5 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de seguridade e confidencialidade da información.
CA1.6 Arquivouse a documentación soporte dos asentamentos seguindo procedementos establecidos.
CA1.7 Mantívose un espazo de traballo co grao apropiado de orde e limpeza.

4.1.e) Contidos

Contidos
Documentación mercantil, laboral, fiscal e contable.

Contidos
Interpretación contable dos documentos xustificantes da información contable. Documentos xustificantes mercantís tipo. Requisitos da lexislación mercantil na documentación contable. Organización e arquivo dos documentos mercantís para os fins da contabilidade.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	REXISTRO CONTABLE DE FEITOS ECONÓMICOS HABITUAIS I	36

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Rexistra contablemente feitos económicos habituais, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse as contas que interveñen nas operacións máis habituais das empresas.
CA2.2 Codificáronse as contas conforme o PXC.
CA2.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC.
CA2.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables máis habituais.
CA2.7 Realizáronse as copias de seguridade segundo o protocolo establecido para salvagardar os datos rexistrados.
CA2.8 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.

4.2.e) Contidos

Contidos
Existencias.
Operacións relacionadas con compras e vendas.
Registro contable informático dos feitos económicos habituais.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	REXISTRO CONTABLE DE FEITOS ECONÓMICOS HABITUAIS II	28

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Rexistra contablemente feitos económicos habituais, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as contas que interveñen nas operacións máis habituais das empresas.
CA2.2 Codifícanse as contas conforme o PXC.
CA2.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC.
CA2.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables máis habituais.
CA2.5 Cubríronse os campos do libro de bens de investimento por medios manuais e/ou informáticos.
CA2.6 Contabilizáronse as operacións relativas á liquidación do IVE.



Criterios de avaliación
CA2.7 Realizáronse as copias de seguridade segundo o protocolo establecido para salvagardar os datos rexistrados.
CA2.8 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.

4.3.e) Contidos

Contidos
Gastos e ingresos. Inmovilizado material: libro de bens de investimento; amortizacións; baixas. Deterioración de valor. Financiamento. Contabilización e liquidación do IVE. Cálculo do resultado. Rexistro contable informático dos feitos económicos habituais.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	CONTABILIZACIÓN DE OPERACIÓNS DUN EXERCICIO ECONÓMICO COMPLETO	32

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Contabiliza operacións económicas habituais correspondentes a un exercicio económico completo, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan de contabilidade.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse os feitos económicos que orixinan unha anotación contable.
CA3.2 Introdúciuse correctamente a información derivada de cada feito económico na aplicación informática de forma cronolóxica.
CA3.3 Obtivéronse periodicamente os balances de comprobación de sumas e saldos.
CA3.4 Calculáronse as operacións derivadas dos rexistros contables que cumpra realizar antes do pechamento do exercicio económico.
CA3.5 Introdúcíronse correctamente na aplicación informática as amortizacións correspondentes, as correccións de valor reversibles e a regularización contable que corresponda a un exercicio económico concreto.
CA3.6 Obtívose con medios informáticos o cálculo do resultado contable e o balance de situación final.
CA3.7 Preparouse a información económica salientable para elaborar a memoria da empresa para un exercicio económico concreto.
CA3.8 Elaborouse a memoria da empresa para un exercicio económico concreto.
CA3.9 Verificouse o funcionamento do proceso, contrastando os resultados cos datos introducidos.

4.4.e) Contidos

Contidos
Asentamento de apertura.
Rexistro contable de operacións diarias.
Balance de comprobación de sumas e saldos.
Axustes e regularizacións previos ao pechamento.
Conta de perdas e ganancias.
Balance de situación final.
Memoria.

Contidos
Asentamento de pechamento.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	COMPROBACIÓN DE CONTAS	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Comproba as contas relacionando cada rexistro contable cos datos dos documentos soporte.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Verifícanse os saldos das contas debedoras e acreedoras da Administración coa documentación laboral e fiscal.
CA4.2 Cotexáronse periodicamente os saldos dos préstamos e dos créditos coa documentación soporte.
CA4.3 Circularizáronse os saldos de clientes e provedores de acordo coas normas internas recibidas.
CA4.4 Comprobáronse os saldos da amortización acumulada dos elementos do inmovilizado acorde co manual de procedemento.
CA4.5 Efectuáronse os punteamentos das partidas ou asentamentos para efectuar as comprobacións de movementos ou a integración de partidas.
CA4.6 Efectuáronse as correccións adecuadas a través da conciliación bancaria para que os libros contables e o saldo das contas reflixan as mesmas cantidades.
CA4.7 Comprobouse o saldo das contas como paso previo ao inicio das operacións de pechamento do exercicio.
CA4.8 Comunicáronse os erros detectados segundo o procedemento establecido.

Criterios de avaliación

CA4.9 Utilizáronse aplicacións informáticas para a comprobación dos rexistros contables.

CA4.10 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de seguridade e confidencialidade da información.

4.5.e) Contidos**Contidos**

Comprobación dos rexistros contables coa documentación laboral e fiscal, coa bancaria e coa mercantil.

Punteamento.

Conciliación bancaria.

Comprobación nas aplicacións informáticas.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**MÍNIMOS EXIXIBLES**

Os criterios de avaliación son os indicadores das aprendizaxes que debe conseguir o alumnado e, polo tanto, serven de referencia para avaliar as capacidades que adquiriu.

Os mínimos exixibles son aqueles criterios de avaliación que se consideran básicos para que o alumnado alcance unha avaliación positiva no módulo.

Serán os seguintes desenvolvidos por unidades didácticas:

Unidade didáctica 1: Preparación de documentación soporte de feitos económicos

*Identificáronse os tipos de documentos soporte que son obxecto de rexistro contable.

*Comprobase que a documentación soporte recibida conteña todos os rexistros de control interno establecidos (sinatura, autorizacións, etc.) para o seu rexistro contable.

*Clasificouse a documentación soporte conforme criterios previamente establecidos

*Arquívuse a documentación soporte dos asentamentos seguindo procedementos establecidos.

Unidade didáctica 2: Rexistro contable de feitos económicos habituais I (subgrupos 60 e 70)

*Identifícanse as contas que interveñen nas operacións máis habituais das empresas

*Codifícanse as contas conforme o PXC

*Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC

*Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables máis habituais

Unidade didáctica 3: Rexistro contable de feitos económicos habituais II (tesourería, I+D+D+i, Inmobiliario, efectos)

*Identifícanse as contas que interveñen nas operacións máis habituais das empresas

*Codifícanse as contas conforme o PXC

*Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC

*Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables máis habituais

Unidade didáctica 4: Contabilización de operacións dun exercicio económico completo

*Identifícanse os feitos económicos que orixinan unha anotación contable.

*Introduciuse correctamente a información derivada de cada feito económico na aplicación informática de forma cronolóxica.

*Calculáronse as operacións derivadas dos rexistros contables que cumpra realizar antes do peche do exercicio económico.

*Introducíronse correctamente na aplicación informática as amortizacións correspondentes, as correccións de valor reversibles e a regularización contable que corresponda a un exercicio económico concreto.

- No desenvolvemento das aprendizaxes, cando se leven a cabo actividades e traballos en grupo (debates, informes, traballos, exposicións,...), califícanse os mesmos avaliándose, no seu caso, tanto a calidade dos

traballos e informes como a claridade das exposicións e o interese e a participación nas actividades téndose en conta tamén a coordinación dos alumnos/as no grupo e o diálogo cos outros grupos.

- Dentro deste proceso de avaliación continua tamén son importantes a resolución de exercicios e cuestionarios e a realización de traballos e actividades individuais (tanto escritos como orais, co fin de coñecer e avaliar o grao de comprensión e adquisición individual de coñecementos así como, poñer de manifesto as deficiencias ou erros na asimilación de conceptos e procesos.

- A avaliación continua, dentro de cada grupo de contidos, realízase, en consecuencia, valorando a participación do alumno/a na clase, os traballos e actividades, tanto individuais como en grupo, e a resolución de exercicios e cuestionarios que en cada caso se realicen.

En aqueles casos en que o proceso de aprendizaxe non sexa progresivo, é dicir, cando a avaliación positiva dunha unidade non implique a superación das deficiencias e fallos anteriormente detectados e, polo tanto, non poda levar implícita a recuperación das Unidades anteriores realízanse actividades específicas de recuperación.

Nestes casos, cando algún alumno/a non teña alcanzado unha valoración suficiente en calquera dos criterios avaliados para os que se considere necesario a súa consecución, estableceráanse actividades específicas de recuperación que realizarán, ó longo das unidades seguintes.

Estas actividades poden consistir según a natureza dos criterios, coñecementos e capacidades implicados, en: resolución de cuestionarios, análise e solución de casos e problemas, traballos, informes, realización de estudos e exposicións, etc.

O equipo docente reunirse periodicamente para realizar o seguimento da programación e a adecuación da práctica docente ó inicialmente programado.

Ademais, o departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A observación do alumnado e a realización de actividades de repaso nas primeiras semanas do curso é fundamental para coñecer a situación de partida dos alumnos/as e do grupo-clase e propiciar a aprendizaxe significativa do alumno. O obxectivo será avaliar:

- A actitude e motivación en relación ao traballo de clase e ao traballo persoal: atención ante as explicacións, preguntas... participación xeral e o esforzo ante a demanda da realización de tarefas, presentación e coidado do material ou da carpeta de traballo.
- Asistencia e comportamento
- Coñecementos e formación anterior.

Coñecida a situación de partida do alumno/a e as dificultades que observamos, tentaremos establecer a tempo as oportunas medidas: reforzo educativo de tipo curricular e adaptación de recursos e materiais.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para posibilitar a consecución por parte de todos os alumnos dos mínimos reflexados na programación, propóñense as seguintes medidas:

- ¿ Priorizar o desenvolvemento de determinadas capacidades naqueles alumnos que así o requiran
- ¿ Buscarase a comprensión dos aspectos esenciais de cada tema por parte de todo o grupo
- ¿ A profundización e o estudo detallado de casos concretos dependerá das capacidades individuais de cada alumno.
- ¿ Diseñaranse actividades de reforzo para aqueles alumnos que non son capaces de seguir o ritmo normal da clase
- ¿ Propoñeranse actividades que permitan profundizar no desenvolvemento do espírito crítico e a capacidade reflexiva.
- ¿ Seguimiento do traballo diario: valoración da evolución que presenta respecto á situación inicial.

9. Aspectos transversais**9.a) Programación da educación en valores**

Se tratarán os seguintes temas transversais:

- Igualdade de dereitos no mundo do traballo.
- Respeto ao medio ambiente.
- Defensa dos consumidores
- Respeto dos valores democráticos
- Responsabilidade social das empresas.
- Fomento do consumo responsable.

As actuacións concretas para incorporar os temas transversais serían:

- Descubrir a presenza dos temas transversais no conxunto dos elementos do currículo do módulo.
- Aproveitar a celebración dos días conmemorativos que se relacionan con estes temas transversais, para a realización de actividades.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Como actividades complementarias se propondrán realización charlas sobre emprendemento do viveiro de empresas da cámara de comercio

10. Outros apartados**10.1) DIPONIBILIDADE DA PROGRAMACIÓN**

ESTA PROGRAMACIÓN ESTARÁ DISPOÑIBEL PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA ATRAVÉS DA INTRANET DO CENTRO E TAMÉN NA PÁXINA WEB

10.2) COVID 19

TANTO SEMIPRESENCIAL COMO TELEFORMACIÓN COMPLETA DA AULA, o Módulo de Empresa na Aula, en tempos de pandemia, se realizará empregando medio telemáticos (TEAMS) inclusive na aula, de forma que as Tarefas e as explicacións pertinentes se realizarán por medio telemáticos, e inclusive as entregas das solucións das tarefas serán tamén por medios telemáticas, aínda que, para aquel alumnado que asista presencialmente se lle dará a opción de empregar a intranet do centro para efectuar as súas entregas de tarefas.

Polo que respecta a forma de avaliar se fará presencialmente salvo que non se poda asistir, entón se propondrá as probas teóricas e prácticas vía telemática, a facer ao mesmo tempo que o fan o alumnado presencial, ca limitación de tempo en cada caso según sexan as probas.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0448	Operacións auxiliares de xestión de tesouraría	2023/2024	6	160	192

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA GLORIA SAN JOSÉ GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral deste título Técnico en Xestión administrativa consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e protección mediambiental.

Este profesional exerce a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, en calquera sector de actividade, así como nas administracións públicas, ofrecendo apoio administrativo nas tarefas de administración e xestión das referidas empresas e institucións, e prestándolle atención ao público e a cidadanía.

Unha vez contextualizada a demanda xeral de profesionais do sector, cando traballemos con ofertas reais de produtos e servozos financeiros, utilizarase preferentemente as entidades financeiras e de seguros que teñan máis implantación en Galicia.

Prospectiva do título

A organización da actividade produtiva das empresas e do traballo esíxelle actualmente ao persoal profesional da xestión administrativa unha grande polivalencia, así como unha serie de competencias persoais e sociais relacionadas co traballo en equipo, coa autonomía e a iniciativa na toma de decisións, co desenvolvemento de tarefas e coa vocación de atención ao público.

As maiores vías de demanda de emprego son o sector de servizos, así como a externalización de certas tarefas que realizan algunhas empresas.

O cambio constante na lexislación, nos tipos de documentos e na integración dos procedementos administrativos utilizados pola empresa demanda destas persoas unha actualización continua e actitudes favorables cara á aprendizaxe ao longo de toda a vida, a autoformación e a responsabilidade.

Perfil profesional do título.

O perfil profesional do título de técnico en xestión administrativa determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Competencia xeral.

A competencia xeral deste título consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

Competencias profesionais, persoais e sociais

A formación do módulo Operacións Auxiliares de Tesourería debe contribuir a alcanzar (segundo currículo Decreto 191/2010 de 28 outubro, DOG de 24 de novembro de 2010) as competencias profesionais, persoais e sociais a, b, e, m, q e r, estas son:

- a) Tramitar documentos e comunicacións internas a partir de ordes recibidas ou da información obtida.
- b) Elaborar documentos e comunicacións a partir de ordes recibidas ou información obtida.
- e) Realizar xestións administrativas de tesourería seguindo as normas e os protocolos establecidos pola xerencia, co fin de manter a liquidez da organización
- m) Manter o espírito de innovación e mellora dos procesos de produción e da actualización de coñecementos no ámbito do seu traballo.
- q) Recoñecer as principais aplicacións informáticas de xestión para o seu uso habitual no desempeño da actividade administrativa.
- r) Adaptarse a diferentes postos de traballo e as novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Cálculos financeiros básicos en capitalización simple. O desconto.	Realización de cálculos financeiros básicos en capitalización simple identificando e aplicando a leis financeira de capitalización simple. Cálculos de desconto comercial..	43	26
2	Operacións financeiras de pasivo	Análise e interpretación das contas correntes e de crédito	20	8
3	Trámite de instrumentos básicos de financiamento, investimento e servizos	Clasificación, descrición e funcións dos instrumentos básicos das entidades fundamentais do sistema financeiro español	32	16
4	Cálculos financeiros en capitalización composta.	Realización de cálculos financeiros básicos en capitalización composta identificando e aplicando a leis financeira de capitalización composta.	32	17
5	Operacións financeiras de activo	Cálculos, análise e interpretación dos préstamos bancarios	31	18
6	Aplicación de métodos de control de tesouraría	Descrición dos métodos para o control de tesouraría na empresa e das súas fases	34	15

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Cálculos financeiros básicos en capitalización simple. O desconto.	43

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.	NO
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Diferenciouse entre as leis financeiras de capitalización simple e de actualización simple.

Criterios de avaliación
CA3.2 Calculouse o xuro simple e composto de diversos instrumentos financeiros.
CA3.2.1 Calculouse o xuro simple de diversos instrumentos financeiros.
CA3.3 Calculouse o desconto simple de diversos instrumentos financeiros.
CA3.4 Descríronse as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións.
CA3.4.1 Descríronse as implicacións do tempo e do tipo de xuro en operacións de capitalización simple.
CA3.6 Diferenciáronse as características dos tipos de comisións dos produtos financeiros máis habituais na empresa.
CA3.6.1 Diferenciáronse as características dos tipos de comisións dos produtos financeiros de capitalización simple habituais.
CA3.6.2 Diferenciáronse as características dos tipos de comisións do desconto comercial.
CA3.7 Identifícanse os servizos básicos que ofrecen os intermediarios financeiros bancarios, e os documentos necesarios para a súa contratación.
CA4.2 Calculouse o líquido dunha negociación de efectos.

4.1.e) Contidos

Contidos
Capitalización simple e composta.
Capitalización simple.
O desconto comercial.
Actualización simple.
Tipo de xuro efectivo ou taxa anual equivalente. Tantos por cento equivalentes.
Comisións bancarias: identificación e cálculo.
As comisións na capitalización simple.
As comisións no desconto comercial. O forfait.

Contidos
Operacións bancarias de capitalización simple e desconto simple.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Operacións financeiras de pasivo	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Liquidouse unha conta bancaria e unha de crédito polos métodos máis habituais.
CA4.7 Relacionáronse as operacións financeiras bancarias coa capitalización simple e composta, e o desconto simple.
CA4.8 Comparáronse produtos financeiros baixo as variables de custo e rendibilidade.
CA4.9 Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario.

4.2.e) Contidos

Contidos
Operacións bancarias de capitalización composta e desconto composto.
Documentación relacionada coas operacións bancarias.
Aplicacións informáticas de operativa bancaria.

Contidos
Servizos bancarios en liña máis habituais.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Trámite de instrumentos básicos de financiamento, investimento e servizos	32

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Clasifícanse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro español.
CA2.2 Precísáronse as institucións de crédito e as financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.
CA2.3 Diferenciáronse os mercados dentro do sistema financeiro español en relación cos produtos financeiros que se empregan habitualmente na empresa.
CA2.4 Relacionáronse as funcións principais de cada intermediario financeiro.
CA2.5 Diferenciáronse os principais instrumentos financeiros bancarios e non bancarios, e describíronse as súas características.
CA2.6 Clasifícanse os tipos de seguros da empresa e os elementos que conforman un contrato de seguro.
CA2.7 Identifícanse os servizos básicos que nos ofrecen os intermediarios financeiros bancarios e os documentos necesarios para a súa contratación.
CA2.8 Calculouse a rendibilidade e o custo financeiro dalgúns instrumentos financeiros de investimento.

Criterios de avaliación
CA2.9 Operouse con medios telemáticos de banca en liña e afíns.
CA2.10 Formalizáronse documentos relacionados coa contratación, a renovación e a cancelación de produtos financeiros habituais na empresa.

4.3.e) Contidos

Contidos
Institucións financeiras bancarias: Banco Central Europeo, Banco de España, banca privada e caixas de aforros. Institucións financeiras non bancarias: entidades aseguradoras. Mercados financeiros. Instrumentos financeiros bancarios e de financiamento, investimento e servizos: contas correntes e de crédito, préstamo, desconto comercial, carteira de valores, imposicións a prazo, transferencias, domiciliacións, xestión de cobramentos e pagamentos e ba Instrumentos financeiros non bancarios de financiamento, investimento e servizos: leasing, renting e factoring. Outros instrumentos de financiamento. Subvencións, provedores e avais. Rendibilidade do investimento. Custo do financiamento.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Cálculos financeiros en capitalización composta.	32

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Calculouse o xuro simple e composto de diversos instrumentos financeiros.
CA3.2.2 Calculouse o xuro composto de diversos instrumentos financeiros.
CA3.4 Descríbense as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións.
CA3.4.2 Descríbense as implicacións do tempo de do tipo de xuro en operacións de capitalización composta..
CA3.5 Diferenciáronse os conceptos do tanto nominal e xuro efectivo ou taxa anual equivalente.
CA3.6 Diferenciáronse as características dos tipos de comisións dos produtos financeiros máis habituais na empresa.
CA3.6.3 Diferenciáronse as características dos tipos de comisións dos produtos financeiros de capitalización composta habituais.

4.4.e) Contidos

Contidos
Capitalización simple e composta. Capitalización composta.
Comisións bancarias: identificación e cálculo. As comisións na capitalización composta.
Operacións bancarias de capitalización composta e desconto composto.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Operacións financeiras de activo	31

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.3 Diferenciáronse as variables que interveñen nas operacións de préstamos.
CA4.4 Relacionáronse os conceptos integrantes da cota do préstamo.
CA4.5 Descríbironse as características do sistema de amortización de préstamos polos métodos máis habituais.
CA4.6 Calculouse o cadro de amortización de préstamos sinxelos polos métodos máis habituais.
CA4.9 Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario.

4.5.e) Contidos

Contidos
Operacións bancarias de capitalización composta e desconto composto.
Documentación relacionada coas operacións bancarias.
Aplicacións informáticas de operativa bancaria.
Servizos bancarios en liña máis habituais.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Aplicación de métodos de control de tesouraría	34

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica métodos de control de tesouraría e describe as súas fases.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse a función e os métodos do control da tesouraría na empresa.
CA1.2 Diferenciáronse os fluxos de entrada e saída de tesouraría (cobramentos e pagamentos) e a documentación relacionada con eles.
CA1.3 Formalizáronse os libros e os rexistros de tesouraría.
CA1.4 Executáronse as operacións do proceso de arqueamento e cadramento da caixa, e detectáronse as desviacións.
CA1.5 Cotexouse a información dos extractos bancarios co libro de rexistro do banco.
CA1.6 Descríbense as utilidades dun calendario de vencementos en termos de previsión financeira.
CA1.7 Relacionouse o servizo de tesouraría e o resto de departamentos, empresas e entidades externas.
CA1.8 Utilizáronse medios telemáticos, de administración electrónica e outros substitutivos da presentación física dos documentos.
CA1.9 Efectuáronse os procedementos de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.

4.6.e) Contidos

Contidos
Métodos do control de xestión de tesouraría: finalidade e características.
Documentos e medios de cobramento e pagamento da empresa.
Libros de rexistros de tesouraría: caixa, bancos, contas da clientela e provedores, e efectos para pagar e para cobrar.

Contidos

Control de caixa e banco: arqueamentos e cadramentos de caixa, e conciliación bancaria.

Aplicacións informáticas de xestión de tesouraría.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles, que constitúen os indicadores das aprendizaxes que debe conseguir o alumnado e, polo tanto servirán de referencia para avaliar as capacidades que aquel acadou, e que determinan se alcanzou a avaliación positiva no módulo son os seguintes:

Calculouse o xuro simple, composto e o desconto simple de diversos instrumentos financeiros.

Descríbironse as implicacións do tempo e do tipo de xuro nas operacións de capitalización simple, composta e desconto comercial.

Diferenciáronse as características dos tipos de comisións dos produtos financeiros habituais.

Calculouse o líquido nas negociacións de efectos.

Liquidáronse contas correntes e de crédito polos método hamburgués, habitual na práctica financeira.

Relacionáronse os conceptos que determinan as cotas dos préstamos.

Descríbironse as características dos sistemas de amortización de préstamos polos métodos habituais en función dos tipos de préstamos e confeccionáronse os cadros de amortización de préstamos correspondentes.

Descríbiuse a función e os métodos de control da tesourería da empresa.

Diferenciáronse os fluxos de entrada e saída de tesourería.

Formalizáronse os libros rexistro relacionados coa tesourería da empresa e co seu control.

Confeccionáronse conciliacións bancarias.

Relacionouse o servizo de tesourería co resto de departamentos na empresa.

Precisáronse as institucións de crédito e as financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.

Relacionáronse as funcións principais de cada intermediario financeiro, así como os principais instrumentos financeiros e describíronse as súas características.

Clasificáronse os tipos de seguros da empresa e os elementos que conforman o contrato de seguro.

Identificáronse os servizos bancarios básicos que ofrecen os intermediarios financeiros.

Calculouse a rendibilidade e o custo financeiro dalgún instrumento financeiro de investimento.



Os criterios de cualificación utilizados para determinar a cualificación individual de cada alumno/a no módulo son:

O proceso de avaliación é contínuo e fundamentalmente estará baseado en probas obxectivas. Estas probas serán de dous tipos:

1. Casos prácticos que requiran unha interpretación da situación práctica descrita, nos que o alumnado deberá realizar unha serie de cálculos diferenciando diversas características dos produtos financeiros de que se trate en cada caso e proporcionando o resultado ou a solución exacta (por exemplo: calcular a comisión dunha xestión de cobro, liquidar unha conta de crédito).
2. Cuestionarios de resposta simple, múltiple, etc. de tipo test que permita valorar que o alumnado identifica, describe e relaciona correctamente os distintos criterios que se avalían na proba concreta. (por exemplo, distinguir nun préstamo os conceptos que integran cada cota ou identificar os distintos servizos que ofrecen as entidades financeiras).

Os criterios de cualificación das probas obxectivas son os seguintes: En cada avaliación realizaranse varias probas obxectivas que determinarán se o alumnado superou o módulo. Estas probas obxectivas se cualificarán segundo se indique na folla do exame e no caso de non ter ningunha aclaración todas as preguntas puntuarán o mesmo. As probas tipo test poderán conter preguntas que penalicen en caso de estar mal contestadas ou en branco, situación que se indicará previamente.

As probas cualificaranse de 0 a 10, e cando nunha avaliación existan varias probas se fará a media entre elas na porcentaxe indicada nesta programación. Os exames aprobados (nota mínima de 5) serán liberatorios de materia para o exame final.

As notas obxectivas representan o 100% da nota do módulo.

En cada avaliación, e tendo en conta que os exames son liberatorios de materia, é necesario que a nota de cada proba sexa igual ou superior a 5 para que esa avaliación se considere superada satisfactoriamente. Igualmente para superar o módulo é preciso obter unha cualificación mínima de 5 puntos en todas as probas que se realicen ao longo do curso. Tamén poderá considerarse superado se a media das probas realizadas acadase 5.

As probas previstas son:

1ª avaliación: Capitalización Simple / Desconto Comercial / Operacións de pasivo.

2ª avaliación: Sistema financeiro / Capitalización composta / Os seguros

3ª avaliación: Préstamos / Control da tesourería.

Este módulo consta de 3 avaliacións. A nota final do módulo en caso de ter aprobadas todas as avaliacións será a nota que figure na 3ª avaliación. En caso de que a nota desta última sexa menor de 5, o alumno/a deberá facer unha proba final para recuperar o módulo que tratará das partes non aprobadas. A nota final do módulo farase coa nota real non redondeada obtida en todas as probas realizadas durante o curso.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non supere o módulo por avaliacións deberá presentarse a un exame de recuperación no mes de xuño despois da 3ª avaliación, que será individualizado, xa que cada alumn@ solo deberá recuperar aquelas partes que teña pendentes de superación. A proba será de carácter similar ás descritas no apartado anterior.

A nota final destas probas de recuperación e en aras ao principio de equidade, terase en conta que é un segundo intento, polo que a superación desta proba cualificarase cun 5, que se incorporará ao resto de notas obtidas durante o curso a efectos de facer a media para a cualificación final do módulo.

A profesora valorará a posibilidade de facer exames de recuperación durante o curso para situacións excepcionais, non sendo en ningún caso a forma de recuperar as partes non superadas, senon o exame final de xuño.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua, como consecuencia das faltas de asistencia reiteradas e non xustificadas establecidas por lei nun 10% da duración do módulo, realizará unha proba escrita que se celebrará no mes de xuño e que incluírá preguntas sobre os contidos mínimos desta programación, e na que deberá acadar como mínimo un 5.

A proba abarcará todo o módulo e a nota resultante non diferenzará por unidades didácticas.

A cualificación obtida nesta proba final representa o 100% da nota final.

O contido desta proba incluírá tanto preguntas teóricas (en formato test ou de resposta curta) como, e fundamentalmente, exercicios e supostos prácticos. Esta proba será cualificada segundo as valoracións e cuantificacións que figurarán na propia proba.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación trata de ser o suficientemente flexible e aberta para que, se poidan facer cambios que proporcionen resposta ás diferenzas individuais nos estilos de aprendizaxe, motivacións e interese do alumnado, facilitando desta forma a evolución individualizada de cada alumno/a.

Realizarase un seguimento periódico da programación contrastando o previsto co realizado en canto a número de períodos lectivos cumpridos, unidades didácticas impartidas e resultados das probas realizadas, analizando o pretendido e o conseguido, as desviacións, e adoptando os axustes necesarios, e a adaptación de actividades, secuenciación de contidos, flexibilización do tempo etc. Todo isto levarase a cabo coa ferramenta que proporciona a propia aplicación informática de seguimento de programación didáctica.

De tódolos xeitos, en todas as reunións mensuais de departamento lévase a cabo un seguimento de programación didáctica por parte de todo o profesorado que formamos parte del.

Para o seguimento da práctica docente, diariamente irase analizando se o alumnado comprende os contidos e alcanza os obxectivos, na medida do posible, mediante a observación do traballo diario destes e a obtención de información dos alumnos e alumnas e aplicaranse os seguintes criterios de revisión, que se valorarán con 0 (non aceptable) e 1 (aceptable)

1. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
2. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
3. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
4. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
5. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
6. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con nee.
7. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
8. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
9. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
10. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballo, etc.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial terá por obxecto coñecer as características e a formación de cada alumna e alumno, así como as súas capacidades, e servirá para orientar e situar ó alumnado en relación co seu perfil profesional

correspondente.

A través da avaliación inicial procurárase detectar os problemas de aprendizaxe concretos que presenta o alumnado. Unha vez detectadas posibles necesidades de apoio educativo, poñeranse en marcha medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade, segundo proceda en cada caso concreto (asesorados polo departamento de orientación).

Durante os primeiros días de clase observarase de forma especial as destrezas de cada alumn@, que se confrontarán co resto dos profesores que imparten docencia no grupo durante unha sesión específica de valoración do alumnado que será programada ás 4 semanas aproximadamente despois de iniciado o curso escolar, de acordo coa xefatura de estudos, á que asistirá todo o profesorado que imparte docencia ao grupo e na que se contará preferiblemente co asesoramento da orientadora do instituto para coñecer necesidades educativas especiais que puideran acontecer no grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A atención específica ao alumnado ten por finalidade que todos podan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Proporáanse actividades de reforzo e repaso para facilitar a adaptación ao ritmo de estudo das unidades didácticas e aos resultados de aprendizaxe perseguidos en cada unidade. O alumnado que reciba medidas de reforzo educativo extraordinarias deberá demostrar, ao final do módulo, igual que o resto do alumnado, que acadou os contidos mínimos esixibles para lograr a avaliación positiva e os criterios de cualificación esixibles.

Poderanse facer exames de recuperación en cada avaliación, sempre en cando a profesora estime que o alumnado vai aproveitar estas novas oportunidades, sendo esta unha medida extraordinaria, pero en ningún caso a norma xeral do curso.

As aulas virtuais do módulo e os cursos de Office365 son espazos axeitados para guiar e apoiar ao alumnado nas dificultades que vaia atopando ao longo do curso.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores impártese integrada en todo o currículo, fomentando no alumnado a igualdade entre homes e mulleres, o respecto ó medio ambiente, a paz, a convivencia e a interculturalidade.

Sinalar que o relativo a este capítulo non é obxecto dun apartado específico, xa que educación en todos os aspectos transversais está integrada ao longo do currículo deste módulo tanto nas explicacións puntuais de cada tema e situación estudiada, como nos exemplos e casos prácticos que se sucedan ao longo do curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Charla dun profesional da venda de seguros.
Participación no programa de Finanzas para Mortales.

10. Outros apartados**10.1) Outras consideracións**

Na realización do exames o alumnado non poderá contar coa calculadora do móbil, ni de aparellos de funcionamento semellantes como reloxos intelixentes, ipads, etc. O alumnado deberá depositalos na mesa do profesor ou non entrar á proba con eles. A negativa a deixar o móbil onde indique o profesor implicará a non realización da proba que será valorada con 0 puntos.

O alumnado poderá realizar as probas empregando as calculadoras tradicionais sen conexión a internet, excepto naqueles casos que sexa necesario, polas propias características da proba, a utilización do ordenador ou algunha aplicación ou programa específico.

10.2) Libros

LIBRO DE TEXTO RECOMENDADO:

Operaciones auxiliares de gestión de tesorería. Editorial Macmillan.

OUTROS LIBROS DE CONSULTA:

Operaciones auxiliares de gestión de tesorería. Editorial McGraw-Hill.

Operaciones auxiliares de gestión de tesorería. Editorial Paraninfo.

Operacións auxiliares de xestión da tesouraría. Editorial Paraninfo.

10.3) Alumnado de 2º con este módulo pendente

O alumnado que promocionou a 2º curso con este módulo pendente poderá aprobar o módulo de tres formas:



1) Realizar varios exames parciais nas datas que se indicarán coa debida antelación. En caso de suspender calquera destes exames o alumnado tería dereito a asistir ao exame final único en marzo do ano seguinte, no que entraría toda a materia correspondente ó módulo.

2) Realizar un único exame no mes de marzo do ano seguinte.

3) De non aprobar este exame único, o alumnado pendente tería que incorporarse ás clases 1º curso que se impartirán entre os meses de marzo a xuño e realizar un Exame Final en xuño.

Estas probas serán cualificadas segundo as valoracións e cuantificacións que figurarán na propia proba.

As probas incluírán preguntas sobre os contidos mínimos desta programación, e nas que deberá acadar como mínimo un 5 en cada unha delas para superar o módulo.

10.4) Publicidade

Esta programación estará dispoñible na páxina web do centro e na aula virtual correspondente ao módulo.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0449	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0449_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0449_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIÑA QUELLE CADRADO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo para o que se programa pertence ao ciclo medio de Xestión Administrativa de 2000 horas regulado polo Decreto 191/2010. A competencia xeral deste título consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

O módulo de FOL impártese no primeiro curso de dito ciclo cunha duración de 107 horas (128 sesións) para o contorno produtivo de Santiago de Compostela e a súa comarca.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitálo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

O módulo de Formación e Orientación Laboral pretende que o alumnado dispoña de estratexias para a búsqueda de emprego, teña coñecementos dos seus dereitos e obrigas como persoa traballadora, do funcionamento do sistema de Seguridade Social e sexa consciente dos riscos e danos profesionais que poden acompañar ao seu traballo. Tamén se intenta concienciar ao alumnado sobre a importancia do cumprimento da normativa de prevención de riscos, normativa laboral e de Seguridade Social para que no futuro sexa unha persoa traballadora responsable no seu contorno de traballo, que coñeza os seus dereitos e que desenvolva a súa actividade en situacións seguras e saudables.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A SAÚDE LABORAL E A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS: CONCEPTOS BÁSICOS	Coñecer a relación do traballo coa saúde e os factores de risco	6	5
2	OS FACTORES DE RISCOS LABORAL E O PLAN DE PREVENCIÓN	Identificar os factores de risco que poden aparecer nos contornos de traballo e coñecer os elementos dun plan de prevención	26	10
3	A XESTIÓN DA PREVENCIÓN NA EMPRESA: AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN	Coñecer as formas de xestionar a prevención na empresa e distinguir as medidas de prevención e protección na empresa	14	10
4	O PLAN DE AUTOPROTECCIÓN, PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE URXENCIA E PRIMEIROS AUXILIOS	Analizar as actuacións necesarias cando se produce un accidente	8	8
5	O DEREITO DO TRABALLO	Coñecer os elementos esenciais do Dereito Laboral e os organismos presentes na súa aplicación	5	6

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
6	O CONTRATO DE TRABALLO E AS MODALIDADES DE CONTRATACIÓN. OS CONTORNOS EMERXENTES	Distinguir os elementos dun contrato de traballo e coñecer as distintas modalidades de contratación	10	10
7	O TEMPO DE TRABALLO	Analizar as previsións contidas nas normas en relación á xornada laboral e ao tempo de descanso	5	6
8	A RETRIBUCIÓN DOS TRABALLADORES	Analizar os elementos que compoñen a retribución dos traballadores e os elementos dun recibo de salarios	12	10
9	MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO	Coñecer as características e os efectos das alteracións nos contratos de traballo	12	10
10	A PARTICIPACIÓN E A REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADORES. EQUIPOS DE TRABALLO E CONFLITOS	Identificar os órganos de representación dos traballadores e valorar a importancia da negociación colectiva	10	8
11	O SISTEMA DE SEGURIDADE SOCIAL	Distinguir as bases do sistema de Seguridade Social e calcular prestacións de distinto tipo	12	10
12	A BÚSQUEDA ACTIVA DE EMPREGO E O PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL	Coñecer o mercado laboral e distinguir as distintas fontes de emprego partindo do autocoñecemento e analizar as fases do proceso de selección de persoal	8	7

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A SAÚDE LABORAL E A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS: CONCEPTOS BÁSICOS	6

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector administrativo e financeiro.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector administrativo e financeiro.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos ámbitos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	OS FACTORES DE RISCOS LABORAL E O PLAN DE PREVENCIÓN	26

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector administrativo e financeiro.	SI
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Distingúíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector administrativo e financeiro.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos ámbitos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos ámbitos de traballo das persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en xestión administrativa.

4.2.e) Contidos

Contidos
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
